



MEMORIA DE CALIDADE

FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Curso Académico: 2017/18

APROBADA POLA COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO O 30 DE ABRIL DE 2019

1. INTRODUCCIÓN	1
1.2. Estrutura da Facultade de Relacións Laborais	1
1.2.1. <i>Títulos impartidos no Centro</i>	1
1.2.2. <i>Documentación de referencia</i>	2
1.2.3. <i>Comisión de Calidade do SGC do Centro</i>	2
2. SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE CALIDADE E DOS SEUS RESULTADOS	4
2.1 Actuacións máis relevantes	5
2.2 Análise dos Procesos do SGC	6
2.2.1. <i>PE-01 Planificación estratéxica</i>	7
2.2.2. <i>PE-02 Revisión e Mellora</i>	7
2.2.3. <i>PC-01-Análise do perfil de ingreso e captación</i>	9
2.2.4. <i>PC-02 Planificación das ensinanzas</i>	11
2.2.5. <i>PC-03 Apoio a estudantes</i>	12
2.2.6. <i>PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas</i>	14
2.2.7. <i>PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas</i>	18
2.2.8. <i>PS-01 Xestión dos recursos humanos</i>	21
2.2.9. <i>PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos</i>	22
2.2.10. <i>PS-03 Xestión documental</i>	23
2.2.11. <i>PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades</i>	23
2.2.12. <i>PS-05 Xestión das incidencias (SQR)</i>	24
2.2.13. <i>PS-06 Información pública</i>	24
3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO	26
3.1. <i>Revisión do Plan de melloras do curso académico obxecto da análise</i>	26
3.2. <i>Plan de melloras do Centro para o curso seguinte</i>	27
4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES	28
ANEXO I. Autoinformes de Seguimento/Acreditación dos títulos impartidos no Centro	28

1. INTRODUCCIÓN

En consonancia co Compromiso asinado en 2016 pola decana, a Facultade de Relacións Laborais é consciente da importancia que ten a Calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que satisfagan as demandas de excelencia nese ámbito. A Facultade pretende ser recoñecida pola evidencia de que a formación dos seus estudantes adecúase ás necesidades do mercado laboral, tecnolóxico e investigador. Procura tamén asegurar as mellores condicións de desenvolvemento profesional ao seu persoal docente, investigador e de servizos, todo elo cumprindo coa obrigatoriedade ética dunha rigorosa rendición de contas da inversión e xestión dos recursos.

Esta Memoria de Calidade para contribuír a dar resposta ao compromiso adquirido, sintetiza a información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao Plan de Melloras do mesmo, incluíndo as accións de mellora (AM) derivadas do seguimento deses títulos (revisión das AM do curso 2017/18 e novas propostas para o 2018/19).

A estrutura escollida adaptase á documentación máis recente do SGC, aprobada na Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 23/02/2018. Esta adaptación leva aparelladas algunhas dificultades dado o vínculo, as veces pouco intuitivo, entre Procesos, indicadores e informes asociados no Manual Marco de referencia. Neste mesmo sentido, cada Proceso pode estar asociado con máis dunha Directriz Fides-Audit e, en moitos casos, estas aparecen relacionadas con procesos comúns. Por este motivo, e para evitar reiteracións e continuas referencias cruzadas, analizaranse de forma sucesiva cada un deses procesos indicando cales son as Directrices ás que están respectivamente ligados, así como os indicadores, informes e evidencias implicados, o que non é máis que analizar a unidade a través dos seus compoñentes.

1.2. Estrutura da Facultade de Relacións Laborais

1.2.1. Títulos impartidos no Centro

Os títulos impartidos na Facultade durante o curso 2017/18 foron:

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos¹
- Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social (MPTOPXFIS)
- Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral (MXDL)

¹ Non se trata dun título *sensu stricto*, senón de dous títulos, independentes, que se cursan simultaneamente.

1.2.2. Documentación de referencia

Os Autoinformes de Seguimento/Acreditación (Anexo I) que se achegan a esta Memoria de Calidade corresponden ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, ao MXDL, engadíndose o do MPTOPXFIS, o cal comezou a impartirse na Facultade durante o curso 2017/2018 polo que, neste caso, só se inclúen os datos referidos a ese ano académico.

Ademais dos regulamentos, normativas, instrucións e normas xerais da Universidade, algún xa mencionado, cabe referir a seguinte documentación interna propia da Facultade de Relacións Laborais:

- Regulamento de Réxime Interno
- Memoria de implantación do Dobre Itinerario
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Regulamento do Traballo Fin de Máster do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral
- Regulamento do Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social (en proceso de aprobación por la USC, aprobado por la Comisión Académica do Título)
- Manual Simplificado do SGC
- Memorias verificadas dos títulos de Grao e Mestrados


1.2.3. Comisión de Calidade do SGC do Centro

MEMBROS DA CCC (2017/2018)

- Decana da Facultade (Presidenta)
- Vicedecano da Facultade
- Secretaria da Facultade
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador de Calidade do Centro
- Coordinador do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Coordinador do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social
- Coordinadora do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral
- Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamento da Facultade.

- Dous/dúas estudantes, membros da Xunta de Facultade

GRÁFICO 1. DINÁMICA DA XESTIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS



A revisión dos procesos e procedementos do SGC resulta na colaboración dos representantes de tódolos grupos de interese externos á institución (círculo exterior do gráfico), e pertencentes a ela (círculo intermedio). Pola súa parte as comisións encadradas en verde no círculo interior, son as que a través do seu desempeño e, no seu caso, dos Informes respectivos, alimentan á Comisión de Calidade (representada na figura central). Esta última integra a actividade dos elementos anteriormente referidos (cuxas interrelacións se representan con dobre frechas), elaborando e aprobando a proposta de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGC.

O funcionamento da estrutura, esquematizado no gráfico, é o que garante, a través da continua planificación e avaliación desa mesma estrutura, do proceso e dos resultados, a materialización dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade de Relacións Laborais.

Reunións da CCC durante o curso 2017/2018:

2 de outubro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Estado de situación Accións de Mellora 2016/2017

16 de xaneiro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas das sesións anteriores
2. Informe de Seguimento 2016/2017
3. Rogos e Preguntas

20 de abril de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Aprobación, se procede dos Autoinformes de Seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, do Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral e do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social.
3. Rogos e Preguntas

21 de maio de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Informes da decana
3. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro do curso académico 2016/2017
4. Rogos e preguntas

2. SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE CALIDADE E DOS SEUS RESULTADOS

O SGC persegue a mellora continua nos centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que posibiliten a acreditación e a renovación dos títulos que se imparten neles, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. Este proceso debe culminar coa acreditación institucional deses centros, en consonancia co RD 420/2015.

O primeiro SGC marco (daquela Sistema de Garantía Interna da Calidade –SGIC-), foi aprobado pola USC en decembro de 2009 e, en maio de 2010, a entón denominada Escola de Relacións Laborais presentou a súa proposta de deseño do SGIC, cuxa valoración positiva pola Comisión de Avaliación, foi ratificada pola *Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación* (CGIACA) o 10 de maio de 2011. Os documentos de referencia utilizados foron o “Manual de Xestión Interna de Calidade” que define as características xerais do sistema e o “Manual de Procesos e Procedementos”.

A Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou na sesión de 31 de maio de 2013 unha revisión simplificada do SGIC marco, conducente á modificación do homónimo do Centro, aprobada en Xunta de Facultade o 13 de decembro de 2013. Con esta documentación de referencia, o Centro adscribiuse ao Manual de procesos e procedementos marco da USC, e definiu a súa política de calidade, vixente na actualidade.

O 3 de outubro de 2014 a Comisión de Calidade e Planificación aprobou cambios que foron introducidos no Manual Simplificado do SGIC, afectando ao apartado 5 (Indicadores). En

consecuencia, nos cursos académicos 2015/16 e 2016/17 efectuáronse sucesivas revisións do Manual Simplificado do SGIC, que deron como resultado as versións 4, 5 e 6 deste. As modificacións foron debidamente expostas e aprobadas nas Xuntas de Facultade do 03/03/2016, 21/10/2016 e 22/12/2016, respectivamente.

Logo de cinco anos de vixencia, en febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno aprobou unha modificación do sistema, consistente nunha nova simplificación da documentación dirixida a unha implantación efectiva e eficaz, e a creación dun nivel institucional que asegure os criterios e directrices europeos naqueles ámbitos de decisión que recaen na institución. O SGC marco da USC, vixente a partir do 23 de febreiro de 2019, deseñado seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica (ACSUG), articulouse inicialmente en sete directrices de acordo co programa FIDES-AUDIT, pasando a organizarse en seis na súa última versión, en coherencia cos criterios e directrices europeos para a garantía da calidade (ESG).

A consecuente adaptación nos centros, a realizar no prazo dun ano, debía vir precedida dunha sesión de esclarecemento en cada un deles por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP). No caso concreto da Facultade de Relacións Laborais esta sesión aínda non se tiña realizado en febreiro de 2019, cando se iniciou a elaboración desta Memoria de Calidade. Finalizado o prazo fixado, e perante a incerteza, decidiuse estruturar este documento conforme aos criterios e directrices establecidos no novo SGC, como xa foi mencionado.

A demora arriba referida levou, por indicación da ACMP, a diferir a introdución doutros cambios necesarios na nova versión do Manual do Centro, entre eles, os da titulación de Máster impartida desde o curso 2017/18. Estes cambios se realizarán cando se concreten as especificacións da nova versión do SGC para esta Facultade.

2.1 Actuacións máis relevantes

Os principais asuntos tratados nas catro sesións da CCC celebradas durante o curso 2017/18, estiveron relacionados coa aprobación dos Autoinformes de Seguimento do Grao e dos Másteres impartidos; verificación do grao de desenvolvemento das AM previstas e aprobación da Memoria de Calidade do curso precedente. Pola súa banda, os temas tratados noutras Comisións do SGC foron:

-Intercentros do Grao: análise comparativa das taxas de rendemento por materias, análise da sincronía da programación docente e aprobación do Autoinforme de Seguimento.

-Traballo Fin de Grao (TFG): composición dos tribunais nas distintas convocatorias, concesión de matrículas de honra, selección de traballos para incorporación ao repositorio Minerva, proposta de creación dos premios TFG, e aprobación do calendario de solicitude e defensa dos TFG.

-Título do Grao: constitución da Comisión (cuxas labores eran desempeñadas ata xaneiro de 2018 pola CCC), aprobación do Autoinforme de Seguimento e da programación docente das materias.

-Académica do MXDL: modificación da composición da Comisión que incluírá a partir de agora á/ao responsable de Calidade e a un/unha estudante, aprobación de propostas de TFM, revisión da AM

de coordinación entre as tres universidades nas que se imparte; aprobación do límite de 30 prazas, da proposta de PDA e do calendario de exames, para o curso 2018-19. Aprobouse tamén o Autoinforme de Seguimento do curso 2016-17 e a proposta de programación das materias para o curso 2018-19. Finalmente, e relacionado coa mellora da coordinación entre materias comúns nas distintas sedes, enviouse a todo o profesorado destas no Máster en Santiago un correo electrónico cos datos de contacto dos respectivos docentes das universidades de A Coruña e Vigo.

-Interuniversitaria do MXDL das Universidades de Santiago, da Coruña e Vigo: excepto nun caso, acordáronse os recoñecementos de materias solicitados, acordouse a realización do seguimento da mellora da coordinación das materias comúns do Máster e a revisión e actualización do convenio interuniversitario. Tratáronse e analizáronse tamén diversos aspectos da dinámica do Máster.

-Académica do MPTOPXFIS: aprobación da admisión de 25 estudantes das 74 solicitudes presentadas; da PDA, dos horarios, do calendario de exames e da programación docente, para o curso 2018/19; aprobouse tamén o Autoinforme de Seguimento do curso 2016-17. Acordouse, en resposta a unha queixa presentada pola representante dos estudantes, relacionada coa non impartición dunha semana de clases da materia “Conflicto e Acción Política”, contactar co profesorado responsable da mesma para aclarar os feitos. De cara ao curso académico 2018/19, e dado o carácter profesionalizante do máster, acordouse solicitar ao coordinador da materia “Conflicto e Acción Política” a inclusión dunha parte sobre mediación, atribuída a un docente que conte con coñecementos e competencias nesa área e con acreditación como mediador/a. Acordouse tamén a convocatoria dunha xuntanza para nomear unha comisión que se encargue de reestruturar o título. Finalmente, a raíz da queixa doutra alumna relativa á falta de claridade nos criterios de avaliación dunha materia do máster, e trala verificación de que estes estaban recollidos explicitamente na programación docente, acordouse dar traslado á alumna desta deliberación de xeito formal a través de escrito de resposta.

2.2 Análise dos Procesos do SGC

A elaboración automatizada dos indicadores e informes utilizados para a análise que é proporcionada pola ACMP da USC aos respectivos centros, non incluía no caso da Facultade de Relacións Laborais os relativos ao Dobre Itinerario. Nas táboas presentadas a seguir, agréganse os resultados dese Dobre Itinerario nos indicadores con datos dispoñibles para o cálculo manual, polo seu importante impacto na avaliación da calidade. Cada un dos procesos de centro participa nalgunha das seguintes seis directrices Fides-Audit:

- D1. Política e obxectivos de calidade
- D2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
- D3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
- D4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
- D5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
- D6. Información pública

A continuación analízanse os procesos de centro do SGC, especificando as directrices nas que cada un deles está implicado.

2.2.1. PE-01 Planificación estratéxica

Directrices Fides-Audit relacionadas: todas

Indicadores e/ou informes asociados: non ten

Evidencias: Nomeamento do grupo de traballo para a elaboración do plan estratéxico (PE) do centro; Informe técnico da ACMP sobre o PE do centro; PE do centro aprobado.

Análise do proceso: o borrador do PE do centro (2017/20) está pendente de envío á ACMP, valorándose non realizar este envío, por canto apenas estaría vixente un ano.

2.2.2. PE-02 Revisión e Mellora

Directrices Fides-Audit relacionadas: todas

Indicadores e/ou informes asociados: non ten

Evidencias: Informe técnico da ACMP sobre a Memoria de Calidade (MC) do centro; MC do centro.

Análise do proceso: revisada a información recibida desde a ACMP, comprobouse que os datos do Grao non incluían os do Dobre Itinerario, continxencia que motivou unha consulta aos/ás responsables da ACMP. No informe de resposta á mesma aducíanse dificultades técnicas para non facilitar os datos agregados. A continuación, a Comisión do Título de Grao procedeu á elaboración do Autoinforme de Seguimento no cal, polos motivos que se acaban de explicar, non se puideron computar os datos máis favorables, coa conseguinte repercusión na valoración global e na definición das AM. En relación co MXDL, constatouse falta de coordinación entre as ACMP das universidades envolvidas (Santiago, A Coruña e Vigo), que dificultou a análise comparada dos respectivos resultados cara á elaboración do correspondente Autoinforme de Acreditación. Respecto ao MPTOPXFIS non foi comunicada ningunha incidencia salientable.

Pasando agora ao seguimento do Plan de Melloras e á verificación do grao de cumprimento das AM nel previstas, constátase que:

- GrRL-AM-1- *Predefinición e monitorización continua, con periodicidade prefixada, das tarefas encomendadas/realizadas polo alumnado. Creación dun modelo de cuestionario final a cubrir polos tres actores implicados.* Elaborouse o menú de tarefas adecuadas ao perfil de competencias do alumnado para cada unha das posibles áreas de servizos das diferentes empresas coas que o Centro ten establecido convenio de prácticas. Resta completar o cuestionario final para concluir a segunda parte desta acción de mellora.

- GrRL-AM-9- *Creación da figura do estudante con experiencia en programas de mobilidade.* A única estudante que reunía as condicións requiridas, foille concedida a dispensa de asistencia por desempeñar un traballo fora de Galicia, o que imposibilitou a execución desta AM no prazo

establecido, polo que decidiuse diferila para o curso 2019/20, no cal se contará cun número significativo de estudantes inscritos/-as en programas de mobilidade.

- GrRL-AM-2-*Elaboración de prácticas de Xustiza Laboral (simulación de xuízos). Trátase de facer simulacións de xuízos de Xustiza Laboral e Social. Para iso habilitarase un aula e contarase coa colaboración de xuíces e profesionais. Xa completada, está previsto mantela como unha boa práctica, dad a excelente acollida por parte do alumnado.*

- GrRL-AM-3- *Realización dun Assesment Center de Desenvolvemento, está previsto mantela como unha boa práctica, polo seu potencial impacto positivo na empregabilidade.*

- MXDL- AM-4-*Clarificar a información que se lles proporciona aos estudantes con respecto ao obxectivo, condicións e organización das prácticas de modo que as súas expectativas sobre as mesmas se adecúen á realidade. Realización de enquisas específicas a estudantes e empresas sobre a opinión e satisfacción coas prácticas. Xa completada.*

-MPTO-AM-1-*A acción de mellora abordará catro aspectos 1) oferta das materias establecidas no plan de estudos vixente relacionadas co itinerario de Intervención Social 2) Elaboración dunha proposta de modificación da oferta vinculada ao itinerario de Intervención Social 3) Corrixir os desaxustes na MVT sinalados pola comisión avaliadora. Xa completada, o itinerario en causa, foi eliminado coa creación dun novo título de Máster, que comezará a impartirse no vindeiro curso 2019/20.*

PM-C-AM-1 *Aprobación do Plan Estratéxico da Facultade. Como xa referimos, aínda non foi enviado á ACMP, sendo previsible, dado que o horizonte temporal do Plan Marco remata xa no ano 2020, que o borrador do Plano Estratéxico do Centro quede invalidado.*

- GrRL AM-4 *Identificación das discrepancias entre a formación práctica impartida e as necesidades do mercado laboral percibidas polos egresados/-as. Xa executadas as dúas primeiras tarefas, a elaboración e a aplicación do cuestionario específico, restan outras dúas, ás de procesamento e cruzamento dos datos obtidos.*

- MXDL- AM-7 *Realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM. Pendente de execución.*

Finalmente, tal e como estaba previsto, elaboráronse os correspondentes Autoinformes de Seguimento/Acreditación dos títulos impartidos na Facultade e na secuencia do mesmo, procedeuse á redactar esta MC do Centro que, unha vez aprobada pola Comisión de Calidade, será remitida á ACMP.

2.2.3. PC-01-Análise do perfil de ingreso e captación

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN01, IN02, IN03, IN04, IN05, IN06, IN07, IN08, IN09, IN10, IN11, IN12, IN13, IN14, IN52, I2, INF.16 procedencia xeográfica dos/as estudantes e INF. CIUG da oferta/demanda das prazas de novo ingreso.

Evidencias: Informe do perfil de ingreso da titulación; accións de captación do centro.

Análise do proceso: o perfil de ingreso das tres titulacións impartidas no Centro axústase ao establecido nas respectivas Memoria de Verificación dos Títulos (MVT). No caso do Grao, dado o seu carácter multidisciplinar, ese perfil non é determinante, é dicir, non se esixe “ningunha formación previa específica” como consta na MVT. Non obstante, a mesma considera que o perfil formativo máis adecuado é o de “Ciencias Sociais”. En canto á procedencia do alumnado do Grao, segundo o informe CIUG o 97,5% correspondía á cota xeral, predominando o Bacharelato (87,9%), fronte á Formación Profesional (12,1%). No Dobre Itinerario a hexemonía do Bacharelato é absoluta, provindo o 100% dos/-as matriculados/-as desa modalidade de estudos.

No MXDL o alumnado procedía fundamentalmente da rama das Ciencias Sociais e Xurídicas e maioritariamente do Grao en RRL e RRHH. Por outra banda, a MVT do MPTOPXFIS establece diversas titulacións de admisión, non obstante, o 90% dos matriculados no último curso proviñan do Grao ou Licenciatura en Psicoloxía.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN01-PC-01-Prazas ofertadas	Grao	90	90	90
	Dobre Itinerario	20	20	20
	Máster PTOXFIS	-	-	25
	Máster XDL	30	30	30
IN02-PC-01-Matricula	Grao	571	535	493
	Dobre Itinerario	21	37	46
	Máster PTOXFIS	-	-	26
	Máster XDL	38	40	31
IN03-PC-01-Matricula de acceso	Grao	121	121	112
	Dobre Itinerario	21	19	16
	Máster PTOXFIS	-	-	23
	Máster XDL	19	18	15
IN04-PC-01-Matricula de novo ingreso por preinscrición	Grao	98	109	97
	Dobre Itinerario	21	19	16
	Máster PTOXFIS	-	-	23
	Máster XDL	19	18	15
IN05-PC-01-Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	Grao	-8,41	11,22	-11,01
	Dobre Itinerario	-	-9,52	-15,79
	Máster PTOXFIS	-	-	4,55
	Máster XDL	-29,63	-5,26	-16,67
IN06-PC-01-Nota media de acceso por preinscrición	Grao	6,50	6,56	7,68
	Dobre Itinerario	10,49	10,97	11,24
	Máster PTOXFIS	-	-	7,66
	Máster XDL	6,83	7,19	6,93
IN07-PC-01-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Grao	64,89	55,14	100,00
	Dobre Itinerario	100,00	100,00	100,00
	Máster PTOXFIS	-	-	100,00

	Máster XDL	84,62	100,00	100,00
IN08-PC-01-Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Grao	1,05	0,93	2,43
	Dobre Itinerario o	0,00	0,00	0,00
	Máster PTOPIXFIS	-	-	15,38
	Máster XDL	2,63	10,00	16,13
IN09-PC-01-Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Grao	1,93	1,12	1,22
	Dobre Itinerario	0,00	2,70	2,17
	Máster PTOPIXFIS	-	-	26,92
	Máster XDL	10,53	2,50	6,45
IN10-PC-01-Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	Grao	77,78	61,11	67,78
	Dobre Itinerario	100,00	95,00	75,00
IN11-PC-01-Relación de estudantes solicitantes sobre prazas ofertadas (Máster)	Máster PTOPIXFIS	-	-	-
	Máster XDL	-	-	-
IN12-PC-01-Taxa de ocupación	Grao	108,89	121,11	107,78
	Dobre Itinerario	105,00	95,00	80,00
	Máster PTOPIXFIS	-	-	92,00
	Máster XDL	63,33	60,00	
IN13-PC-01-Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (Máster)	Máster PTOPIXFIS	-	-	-
	Máster XDL	-	-	-
IN14-PC-01-Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	Total Centro	0,38	0,65	0,71
IN52-PC-01- Taxa de transición de estudantes de grao a máster (%)	Total USC	37,45	39,53	28,24

Como se pode constatar na táboa supra, todos os indicadores de matrícula do Grao son moi favorables (segundo o informe CIUG, 454 solicitudes para 90 prazas ofertadas), o que redonda nunha taxa de ocupación por encima do 100%. Do mesmo xeito, aumentaron significativamente tanto a nota media de acceso, a máis alta da serie (7,68), como a porcentaxe de estudantes que acceden cunha nota igual ou superior a seis, todos. Esta evolución favorable tamén se verifica no remonte da “relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas”.

No Dobre Itinerario obsérvase unha paulatina diminución do número de matriculados/-as, que para o curso 2017/18 foi de 16, contrastando coa desproporción aínda maior que no Grao entre o número de prazas ofertadas, 20, e o de solicitudes, 158, segundo o informe CIUG. A consecuente caída da taxa de ocupación, levou a introducir unha AM dirixida a facilitar a articulación das dúas titulacións. A evolución da nota media de ingreso, sempre crecente, situase no curso analizado en 11,24.

Respecto do MPTOPXFIS soamente incluimos na táboa os datos do curso 2017/18, o único impartido no Centro, non obstante a evolución da matrícula foi estable e, en xeral, todos os indicadores vinculados a esta titulación foron satisfactorios. A tendencia dos indicadores relacionados coa matrícula para o MXDL, aínda que menos favorable, non parece esixir unha AM, tendo en conta que os valores xa coñecidos para o curso 2018/19 apuntan unha recuperación.

Os indicadores referidos ao alumnado que non procede da comunidade galega, crecen tanto para os estranxeiros como para os doutras comunidades, se ben, as porcentaxes son mínimas no Grao e moderadas no caso dos mestrados, situación detallada nos correspondentes Autoinformes de Seguimento.

A porcentaxe de estudantes egresados do Grao de RR.LL. que se matricularon nalgún dos mestrados ofertados neste centro, aínda que aumenta progresivamente, continúa sendo moi baixa, 0,71, no último curso en análise. Debemos ter en conta que no MPTOPXFIS non hai estudantes matriculados procedentes do Grao de Relacións Laborais, predominando os/-as Licenciados/-as, Graduados/-as en Psicoloxía, o que parece indicar que o perfil de ingreso real está desequilibrado.

Para garantir a adaptación continúa do título de Grao ás demandas sociais e laborais, cóntase como principal referente co Colexio de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense, o cal financia o premio anual “Javier Marañón” que promove entre o alumnado os valores e principios que deben orientar aos/-as Graduados/-as Sociais. Asemade o Colexio organiza periodicamente, xunto coa Facultade de Santiago, xornadas sobre saídas profesionais da titulación. Pola súa banda, o equipo Decanal emprende unha estratexia de potenciación da dimensión dos Recursos Humanos, a través da creación dun Laboratorio específico. Preténdese potenciar a natureza multidisciplinar do título orientándoo tanto cara o campo do Dereito, como evidencia a consolidación do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, como aos da Economía, Psicoloxía ou as novas Tecnoloxías. A formación integral de alumnado complementábase con materias transversais, como a Historia ou a Socioloxía. No ámbito do MXDL, en relación con este aspecto potenciábase a participación de docentes externos, profesionais de prestixio expertos nas diferentes temáticas que se imparten nas materias do Máster. A relevancia e vixencia do MPTOPXFIS queda patente na incorporación da formación ofrecida por este aos procedementos do Comité de Acreditación en Psicoloxía Forense. Pola súa banda, ese mesmo Máster no itinerario de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e os Recursos Humanos, conta cunha acreditación de experto en *Coaching*.

Finalmente, o centro utiliza as redes sociais, entre elas LinkedIn, Facebook ou Instagram, e outros medios como o Programa A Ponte, para a captación de alumnado e a difusión e promoción de eventos: Xornadas de Saídas Profesionais do Grao e Máster, Xornadas de Inserción Laboral, Xornadas de Prevención de Riscos Laborais, Saúde Laboral, Conferencias Técnicas, etc.

2.2.4. PC-02 Planificación das ensinanzas

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3, D4, D5 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN31, IN32, INF. 22 da enquisa da satisfacción do alumnado coa titulación e INF. 23 da enquisa da satisfacción do profesorado coa titulación.

Evidencias: Programación docente anual (PDA); Calendario de exames e horarios das titulacións; Programación das materias; Informe fondos bibliográficos e outros recursos de cada título.

Análise do proceso: os procedementos relacionados coa PDA, cos horarios e calendario de exames das materias e coa revisión e aprobación dos programas das mesmas, foron realizados con intervención dos respectivos órganos responsables. Concretamente, nos sistemas de avaliación das materias do Grao foi incluída unha modalidade específica para o alumnado con dispensa de asistencia á clase, obxecto dun intenso debate tanto na Comisión do Título como na Xunta de Facultade.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN31-PC-02-Media de alumnos por grupo de teoría	Grao-non inclúe Dobre Itinerario	54,86	52,80	47,55
	Máster PTOPIXFIS	-	-	13,85
	Máster XDL	20,40	19,20	14,15
IN32-PC-02-Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	Grao-non inclúe Dobre Itinerario	31,39	31,05	28,02
	Máster PTOPIXFIS	-	-	14,31
	Máster XDL	21,35	20,24	15,27

Como xa se comentou, o resultado dos indicadores atinentes para o Grao presentan un desvío á baixa, por non incluír os datos do alumnado do Dobre Itinerario. Feita esta precisión, pode observarse un descenso no número de estudantes por grupo de teoría e de docencia interactiva, circunstancia relacionada coa súa diminución nas distintas titulacións (ver IN02-PC-01). Ao tratarse dunha media, os indicadores non permiten apreciar a distribución temporal do número de estudantes, máis concentrada, como é lóxico no primeiro curso.

Con reservas respecto á participación e, consecuentemente, á fiabilidade, analízanse os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a planificación e desenvolvemento das ensinanzas. No caso do Grao, no que se engade a incógnita do universo da enquisa e a exclusión do Dobre Itinerario, mostran unha clara melloría respecto do curso anterior. A media dos ítems asociados, todos eles superiores á media da USC, é de 3,39, sendo o mellor valorado “o desenvolvemento das ensinanzas da titulación (3,77). Para os Mestrados, a relación de resultados tanto co curso anterior como coa media da USC en gran medida invértese, sendo o mellor valor de 3,20 no caso do MXDL e de 3,67 no do MPTOPXFIS, ambos referidos ao “calendario de probas de avaliación”, e as medias de todos os ítems respectivamente de 2,74 e 2,93.

Respecto ás enquisas de satisfacción do profesorado sobre a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, subliñando aínda máis a baixa participación e a distorsión (esta vez por inclusión do Dobre Itinerario), os resultados son extremadamente satisfactorios con medias de 4,04; 4,33 e 4,56 para o Grao, MXDL e MPTOPXFIS respectivamente.

En resumo, se algunha conclusión se pode extraer destas enquisas tendo en conta a baixa participación e as outras consideracións realizadas, é que a planificación das ensinanzas non está tan centrada no alumnado como debería, circunstancia aínda máis marcada no conxunto da USC.

2.2.5. PC-03 Apoio a estudantes

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN48G, INF. 13 da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, INF. 22 da enquisa da satisfacción do alumnado coa titulación e INF. 23 da enquisa da satisfacción do profesorado coa titulación.

Evidencias: Accións de atención ao estudantado/PAT

Análise do proceso: no centro realizáronse accións de acollida e orientación de estudantes, concretamente: xornadas de benvinda, programa de alumnos tutores, programa de Apio Titorial Extraordinario (PAT), charlas informativas sobre procura de emprego e saídas profesionais,

programas de conferencias sobre diversos temas (renda, absentismo laboral, prevención de riscos psico-sociais ...). Engádense os cursos de introdución ao uso da Biblioteca e sobre manexo de datos e fontes documentais para o TFG, responsabilidade do persoal da Biblioteca. Todas estas accións son oportunamente publicitadas na páxina web do centro.

As enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación nos ítems asociados a súa orientación, mostran valores apreciábeis para o Grao, cunha media de 3,46, e sempre superiores tanto aos do curso anterior como aos da USC (2,60). A situación no MPTOPXFIS é semellante na comparativa coa USC, medias de 2,92 e 2,86 respectivamente. En canto ao MXDL invértense as relacións mellorando os valores do curso anterior, pero situándose por debaixo da media 2,62 para un e de 2,86 para a outra. Pasando agora á opinión do PDI, esta é favorable tanto no Grao, media de 4,04, como nos Mestrados 4,14 no de XDL e 4,22 no PTOPIXFIS, superando en todos os casos os valores do curso precedente e as medias da USC.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN48-PC-03-Taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Grao-non inclúe D. Itinerario?	23,95	25,83	30,18
	Dobre Itinerario	47,62	50,00	56,25
	Máster PTOPIXFIS	-	-	16,17
	Máster XDL	40,91	42,86	30,77

A taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no Grao, a máis alta da serie, 30,18%, continúa sendo escasa. Engádese a incerteza sobre o cómputo dos datos referidos ao Dobre Itinerario, cuxa elevada participación é destacable, se ben non é posible discernir se se refire aos docentes de Dereito, aos de Relacións Laborais ou a ámbolos dous. Semellante é a taxa de participación no alumnado do MXDL, 30,77%, e aínda máis exígua, 16,17%, á do MPTOPXFIS.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida no Grao nos ítems relacionados coa orientación e apoio prestados polo docente, é sempre superior a 3,50, mellorando os resultados do curso precedente. O valor máximo de 4,30 corresponde á explicación da materia e os criterios de avaliación, o mínimo, 3,65 a “motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase”. Os resultados son aínda máis favorables para o MPTOPXFIS cunha valoración máxima de 4,81 para a “actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes”, e mínima de 3,88 para “o material de apoio (...) útil para a preparación da materia”. Menos positiva é a valoración deste aspecto do MXDL, cun máximo de 3,62 para á explicación da materia e os criterios de avaliación, e un mínimo de 3,14 para recursos didácticos empregados no reforzo da comprensión da materia.

Deixando a un lado as reservas sobre a fiabilidade dos resultados das enquisas, pode concluírse un elevado grado de satisfacción do estudantado co apoio e orientación recibidos.

2.2.6. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3, D4, D5 e D6

Indicadores e/ou informes asociados²: IN15, IN16, IN17, IN18, IN19, IN20, IN21, IN22, IN51, INF.03 de procedencia/destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade, [INF.04 da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade], [INF.05 da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade], INF.06 da enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas, INF.07 da enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas, INF.08 da enquisa de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas, INF.15 de cualificacións das materias do plan de estudos, INF.17 da taxa de éxito das materias do plan de estudos, INF.18 da taxa de rendemento das materias do plan de estudos, INF. 19 da taxa de avaliación das materias do plan de estudos e [INF. 20 de abandono potencial]

Evidencias: Nomeamentos. Mobilidade: publicacións de selección/asignación, compromisos de estudos/acordo académico e resolución de recoñecemento de estudos. Prácticas en empresas: asignación de titores/as académicos/as, memoria de prácticas, informe titor/a externo/a e actas cualificacións. Asignación TFG/TFM: oferta/ asignación de TFG/TFM, solicitudes do estudantado, listaxe de asignación de liñas temáticas TFG/TFM e titores/as, TFG/TFM, informe titor/a do TFG/TFM, nomeamento de tribunais de defensa e listaxe pública de cualificacións. Coordinación da actividade docente: acta comisión de título con propostas de mellora.

Análise do proceso: aínda que o novo Manual SGC Marco da USC o codifica como un proceso clave, a maioría das cuestións propostas para o seu desenvolvemento, de carácter organizativo (“xestión da mobilidade”, “xestión das prácticas externas”, “asignación de TFG e TFM”), e as evidencias, parecen indicar que se trata máis ben dun proceso de xestión. Neste sentido, todas as tarefas desa índole realizáronse en tempo e forma no Grao e no MXDL, e están debidamente acreditadas. No caso do MPTOPXFIS, como xa se mencionou, está definida unha AM conducente a axustar o procedemento nas Prácticas externas e TFM ao existente na Facultade de Relacións Laborais.

Para manter a coherencia co Manual Marco, procederemos a comentar os resultados dos indicadores e informes asociados.

O desenvolvemento dos programas de mobilidade no centro mostra unha exigua participación do estudantado no mesmo (tres estudantes saíntes e oito entrantes, catro deles/-as procedentes de Latinoamérica), que cuestiona calquera aproximación exploratoria máis alá de constatar esa realidade. É necesario matizar, non obstante, que neste cómputo non están incluídos oito alumnos/-as de orixe chinés, que iniciaron os seus estudos de Grao no curso 2017/18. Consultada a ACMP, esta omisión foi atribuída a cuestións de índole administrativa, concretamente a que os referidos/-as estudantes figuraban inscritos/-as con domicilio permanente en Santiago de Compostela aínda que chegaron a través dun convenio bilateral.

² Cando os indicadores ou informes van entre corchetes, significa que os datos correspondentes non foron facilitados.

XESTIÓN DA MOBILIDADE				
CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN15-PC-04- Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	Grao	2,86	3,07	-
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	-
	Máster XDL	-	-	-
IN16-PC-04- Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	Total Centro	4,00	-	-
IN17-PC-04- Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Grao	1,40	0,93	0,61
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	0,00
	Máster XDL	0,00	0,00	0,00
IN18-PC-04- Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Grao	2,10	1,50	1,62
	Dobre Itinerario	0,00	0,00	0,00
	Máster PTOXFIS	-	-	0,00
	Máster XDL	0,00	0,00	0,00

Como se observa na táboa ningún dos estudantes incluídos/-as en programas de mobilidade, cubriu as enquisas de satisfacción. Para aumentar a adhesión, foi deseñada unha AM que, como xa se referiu, non se puido executar por non contar coa necesaria masa crítica.

Tanto no MXDL como no MPTOPXFIS, dende o seu inicio ninguén participou nos programas de mobilidade, feito que se explica porque a normativa da USC para as convocatorias Erasmus só contempla mobilidade no caso de mestrados de máis de 60 créditos ECTS, condición que incumpren ámbolos dous mestrados. No mesmo senso, a convocatoria SICUE está dirixida exclusivamente ao alumnado do Grao.

XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS				
CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN19-PC-04- Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	Grao	-	4,37	4,50
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	4,25
	Máster XDL	-	3,36	3,36
IN20-PC-04- Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	Grao	-	4,11	4,37
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	3,92
	Máster XDL	4,33	4,28	4,83
IN21-PC-04- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas	Grao	-	-	4,30
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	-
	Máster XDL	-	-	-
IN22-PC-04- Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Grao	58,00	58,76	57,50
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	100,00
	Máster XDL	100,00	94,12	100,00

A análise dos datos referentes á satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (cunha taxa de resposta de 22, 97%) mostra para o Grao unha mellora no curso 2017-18 respecto do curso anterior. Todas as valoracións son superiores a catro (mínima 4,20 e máxima 4,80), e por encima da media global da USC. A satisfacción dos titores profesionais (cunha taxa de resposta de 42,22%), segue en xeneral a mesma tónica, só se sitúa lixeiramente por debaixo da media da USC nos ítems “graos de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas” (4,53 fronte a

4,62), e “graio de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado” (4,47 fronte a 4,50). Se ben calquera comentario sobre a satisfacción dos titores académicos queda cuestionado ao responder só dous docentes á enquisa, a satisfacción media está minimamente por encima na USC (4,30 vs. 4,34).

En canto ao MXDL na enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas en empresas, a participación foi igualmente moi baixa (dous alumnos/-as), en detrimento da fiabilidade. O intervalo de valores das respostas é máis amplo, cun límite inferior de 2,50 para “a atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada”, e superior de 4,50 para “as prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación”. O valor medio 3,36, inferior ao da USC, mantense igual ao do curso precedente. Co mesmo problema de falta de fiabilidade, os resultados da enquisa de satisfacción dos titores externos (so responderon dous), son excelentes (media de 4,83 fronte a 4,27 da USC). Non houbo ningunha resposta por parte dos titores académicos.

No ámbito do MPTOPXFIS, os/-as estudantes (catro), atribuíron a todos os ítems un valor de 4,00 ou superior, sendo a media idéntica á da USC: 4,25. Na enquisa aos titores externos repítese a ínfima participación, responderon dous, cunha valoración media de 3,92, inferior á da USC, 4,27. Ningún titor académico cubriu a enquisa.

A taxa de estudantes egresados do Grao que realizou prácticas mantívose estable, e lixeiramente por debaixo do 60% durante os tres últimos cursos. No MDXL a taxa foi do 100%, igual que no MPTOPXFIS, debéndose sinalar que neste último as prácticas son optativas.

En definitiva, se ben os resultados das enquisas das prácticas externas poden considerarse favorables, calquera valoración ao respecto está condicionada polo repetido déficit de participación.

ASIGNACIÓN DE TFG/TFM

A disonancia comentada entre a codificación deste proceso e o seu desenvolvemento como un de xestión, queda, ao noso xuízo, patente na inclusión nel deste indicador e dos informes sobre cualificacións, taxas de éxito, rendemento, avaliación das materias e abandono potencial³, máis relacionados con cuestións académicas que coa organización e xestión dos TFG/TFM. Realízase aquí a súa análise para respectar a estrutura proposta no Manual Marco.

Todas as variables consideradas nos informes arriba mencionados presentan unhas características comúns. En primeiro lugar, o enorme impacto que ten sobre elas a exclusión do alumnado do Dobre Itinerario (o que obtén as cualificacións máis altas), que en termos numéricos, tradúcese nunha variación á baixa dos resultados arredor do 15% nas materias do Grao por eles cursadas. En segundo lugar, a distribución deses resultados nos diferentes cursos, ten valores máis favorables a medida que se progresa no Grao. Neste aspecto é excepcional a materia de cuarto curso *Traballo de Fin de Grao* (tamén para o Curso Ponte para Diplomados/-as RR.LL), con elevadas taxas de renuncia (35,29% para o Curso Ponte e 30,69% para o Grao). En contraste, as cualificacións nesta materia teñen unha evolución favorable ao longo do tempo, oposta á das outras, o que parece indicar o

³ O Informe 20 sobre abandono potencial non foi facilitado desde a ACMP.

impacto positivo tanto das accións de mellora implementadas como da introdución da modalidade de avaliación por titor/-a. Este procedemento pode explicar tamén que o valor modal das cualificacións do TFG sexa “notable” (máxima cualificación posible nesa opción), fronte ao “aprobado” das outras materias. A terceira característica común é o perfil en dentes de serra, con tendencia á baixa, da evolución das cualificacións. Cabe sinalar a forte correlación inversa entre as taxas de avaliación e as taxas de éxito, por outra parte lóxica, pero que indica unha diferente interpretación por parte do PDI do concepto de non presentado definido no artigo 5.2. da *normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012*.

O informe sobre cualificacións no MXDL sitúa o notable como valor modal, cunhas taxas de rendemento e de avaliación por materias cuxos valores mínimos están lixeiramente por debaixo do 85%, excepto no TFM no que descenden ata 35,48% e 38,71% respectivamente. As taxas de éxito sitúanse case sempre no 100%.

No MPTOPXFIS, a distribución das cualificacións presenta unha asimetría aínda máis marcada con predominio dos valores máis elevados. Respecto ás taxas por materias están consistentemente no 100%, excepto para o TFM que é do 80,77%.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN51-PC-04-Taxa de idoneidade na graduación	Grao	17,58	20,88	13,83
	Dobre Itinerario	-	-	-

Por último, a proporción do alumnado que finalizou os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes, sempre baixa, ten unha evolución oscilante, cun valor mínimo no curso 2017/18.

Pasando á análise da coordinación da actividade docente, como apenas se dispón de tempo material para a revisión de todos os cambios realizados na totalidade dos programas, dada a brevidade do período entre a aprobación dos mesmos polos Departamentos e a correspondente ao Centro, esta revisión limitouse á verificación do cumprimento da normativa atinente. Para posibilitar a totalidade da revisión, estase estudando a posibilidade de solicitar aos Departamentos que sexan eles os que procedan a comunicar os cambios que realicen nos programas da súa responsabilidade. Respecto ao tamaño dos grupos e a súa adecuación ás actividades formativas, aínda que a MVT establece un límite de 50 estudantes por grupo de docencia teórica, a normativa da USC o ampliou a 80.

Ademais da mencionada revisión dos programas das diferentes materias, dende outubro de 2016 funciona unha aula virtual de coordinación do Grado, con foros abertos para a participación de docentes e alumnado. A coordinación do Grado, co obxectivo de mellorar a articulación, reuniuse cos coordinadores/-as de curso para analizar a congruencia entre os programas das materias no centro de referencia (Santiago), e no adscrito (Lugo). Tamén leváronse a cabo reunións entre os/-as coordinadores/-as de curso e os/-as respectivos/-as coordinadores/-as de materias afíns para garantir a complementariedade dos programas docentes evitando solapamentos, e que cubran as respectivas fichas dos traballos asignados aos estudantes, para a calendarización de cada curso e cuatrimestre. Estas iniciativas tiveron unha resposta exiguua, motivada polas características específicas do profesorado de RR.LL., procedente doutras Facultades, e por elo con *know how*

diverso e de difícil conciliación, así como polo feito de que unha parte do mesmo compatibiliza a docencia con outras actividades profesionais, facendo por veces inviables as reunións presenciais.

Nos mestrados, ao igual que no Grao, as guías docentes son revisadas anualmente polos Departamentos, posteriormente polas Comisións dos respectivos Títulos e, por último, aprobadas en Xunta de Facultade. Por indicación da Comisión de Acreditación do MXDL nos últimos anos desenvolvéronse accións para mellorar os mecanismos de coordinación entre as materias comúns das tres universidades. O asunto foi tratado tanto nas respectivas Comisións do Máster como na Interuniversitaria e, tamén para promover a articulación entre eles, facilitáronse as respectivas direccións de correo electrónico aos/-as coordinadores/-as das diferentes materias en cada universidade. Estas iniciativas lograron un alto nivel de concordancia nos contidos básicos dos programas nas tres universidades.

2.2.7. PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3, D4, D5 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN34, IN35, IN36, IN37, IN38, IN40, IN41, IN42, [IN45], IN46, IN47, IN49, IN50, IN51, IN52, IN53, [INF. 04, INF. 05, INF.06, INF.07, INF.08 ver PC-04], INF. 09 da enquisa de satisfacción dos egresados, [INF.12], [INF.13 ver PC-03], INF.14 da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, [INF.15 ver PC-04], [INF. 22 e INF. 23 ver PC-02 e PC-03], [EII-SIIU].

Evidencias: Autoinforme de seguimento/acreditación ou informe de resultados anexo á acta.

Análise do proceso: os programas formativos das titulacións que se imparten no centro, como consta nos Autoinformes de Seguimento/Acreditación, non experimentaron modificacións no curso 2017-18 e, en xeral, manteñen a conformidade coas respectivas MVT. Non obstante, unha vez que a Comisión de Calidade aprobou a posibilidade de alterar os programas, pode observarse nalgunhas materias a introdución dun modelo de avaliación continua, non previsto expresamente na MVT, pero preconizado polo EEES e considerado beneficioso para a formación do alumnado.

As actividades de coordinación descritas no proceso anterior, estruturáronse en dúas AM. A primeira, dirixida á calendarización dos traballos do alumnado, contemplaba a substitución das reunións presenciais pola interacción a través do correo electrónico e a aula virtual de coordinación do Grao. Os datos de tódalas materias exceptuando, por razóns obvias, as optativas foron solicitados por estas canles aos/-as responsábeis das mesmas. O 51,61% de respostas válidas recibidas, permitiu apenas a calendarización do primeiro cuatrimestre do segundo curso e do segundo cuatrimestre do cuarto curso. A pesar de todo, a información resultante foi de gran utilidade ao permitir constatar que a carga de traballo do alumnado, en principio perfectamente asumible, sobre todo en segundo curso, pasaba a ser excesiva en caso de que, no cuarto curso, se escollera a materia optativa de *Prácticas en Empresa*. En termos numéricos, esta opción leva a triplicar as 13 horas semanais de carga de traballo do alumnado, superándose os estándares definidos internacionalmente polas universidades de maior prestixio. Entre as diferentes medidas adoptadas para superar esta

dificultade, estableceuse unha nova normativa de prácticas que permite a súa realización unha vez superados 120 créditos, é dicir, a partir do terceiro curso, ou a convocatoria extraordinaria de prácticas curriculares propiciadas polo alumnado, que oferta a súa realización nos meses de verán. En calquera caso, a situación demanda un debate entre tódolos grupos de interese.

Para a segunda AM, orientada a evitar solapamentos nos contidos das materias, a taxa de resposta foi máis exigua, 19,35%, e non se sinalizou ningún solapamento. Para aumentar a participación, a Coordinación do título de Grao propuxo publicar na aula virtual a evolución do *feedback* dos/-as inquiridos/-as nas diferentes enquisas non anónimas ao PDI, sen que se obtivera consenso para levalo a cabo.

Os resultados dos títulos, que poden consultarse nos correspondentes Autoinformes de Seguimento/Acreditación, preséntase a continuación de forma sintética.

RESULTADOS				
CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN34-PC-05-Taxa de rendemento	Grao-non inclúe D. Itinerario	70,61	69,00	68,26
	Dobre Itinerario	85,48	80,90	84,58
	Máster PTOXFIS			95,78
	Máster XDL	83,33	89,76	80,00
IN35- PC-05-Taxa de éxito	Grao-non inclúe D. Itinerario	82,95	81,31	79,53
	Dobre Grao	92,17	89,44	88,73
	Máster PTOXFIS			100,00
	Máster XDL	100,00	99,47	98,91
IN36 PC-05-Taxa de avaliación	Grao-non inclúe D. Itinerario	85,13	84,86	85,93
	Dobre Grao	92,74	90,45	95,32
	Máster PTOXFIS			95,78
	Máster XDL	83,33	90,24	80,88
IN37- PC-05-Taxa de graduación	Grao	51,65	53,85	39,36
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	100,00
	Máster XDL	74,07	57,89	61,11
IN38- PC-05-Duración media dos estudos	Grao	5,13	5,25	5,16
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	1,14
	Máster XDL	1,56	1,81	1,36
IN40- PC-05-Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	Grao-non inclúe D. Itinerario	18,09	21,51	21,62
	Dobre Itinerario	-	-	15,00
IN41- PC-05-Taxa de abandono RD 1393/2007	Grao	19,78	31,98	34,04
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	0,00
	Máster XDL	0,00	10,53	0,00
IN42-S01-PM-01-Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	Grao	2,98	3,74	3,09
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOXFIS	-	-	3,81
	Máster XDL	3,24	3,46	3,52
IN46-S01-PM-01-Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Grao-non inclúe D. Itinerario?	3,63	3,77	3,94
	Dobre Grao	3,99	3,82	3,61
	Máster PTOXFIS	-	-	4,40
	Máster XDL	3,89	4,42	3,37
IN47-S01-PM-01-Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	Grao-non inclúe D. Itinerario?	3,80	3,69	3,65
	Dobre Itinerario	-	3,80	3,78
	Máster PTOXFIS	-	-	4,65
	Máster XDL	4,34	4,37	3,97
IN49-PS-01-Satisfacción do PAS co traballo	Total Centro	3,67	3,37	4,70

desenvolvido				
IN50- PC-05-Taxa de éxito dos egresados	Grao	-	-	-
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOPIXIS	-	-	97,25
	Máster XDL	99,69	99,69	95,65
IN51- PC-05-Taxa de idoneidade na graduación	Grao	17,58	20,88	13,83
	Dobre Itinerario	-	-	-
IN52-PC-05-Taxa de transición de estudantes de grao ao máster	Total Centro	37,45	39,53	28,24
IN53- PC-05-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	Grao	88,01	83,52	87,93
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOPIXIS	-	-	97,25
	Máster XDL	94,40	92,22	95,65

O Grao mostra catro resultados que podemos considerar desfavorables, un deles moderadamente, a taxa de rendemento (68,26%), cun descenso lixeiro. Os outros tres de forma moito máis acusada, e sen alcanzar os obxectivos definidos na MVT: a taxa de graduación e as dúas taxas de abandono (no primeiro ano e nos dous últimos cursos), que aínda que presentan dinámicas diferentes, están relacionadas. A baixa taxa de graduación, 39,36%, que experimentou un acentuado descenso respecto ao curso anterior, non está condicionada, como podería pensarse, nin pola taxa de rendemento, nin pola de éxito do TFG, que obteñen resultados progresivamente mellores, senón polo empeoramento das taxas de abandono. A queda acentuada e sostida destas nos dous últimos cursos, motivou a introdución dunha acción de mellora destinada a identificar as causas e, no caso de ser vulnerables, a corrixilas.

Os resultados en ámbolos dous mestrados poden considerarse moi positivos, con excepción da taxa de graduación no MXDL, que experimentou un abrupto descenso no curso pasado posiblemente relacionado tanto cun aumento puntual e previo da taxa de abandono, como co progresivo descenso da taxa de rendemento do TFM. A consecuente acción de mellora, con intención diagnóstica, definiuse o curso pasado, encontrándose actualmente pendente de execución

Coas mesmas reservas respecto á representatividade xa apuntadas, os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese (egresados/-as, alumnado, profesorado e PAS), son, en xeneral, satisfactorios, sempre por encima de 3,5, excepto para a satisfacción do alumnado coa docencia no MXDL (3,37) e dos egresados coa titulación (3,09). Neste último caso, é necesario sinalar que a valoración desfavorable concéntrase na compoñente práctica da titulación, 2,25. Esta percepción negativa da compoñente práctica, constatada curso tras curso, levou á introdución de varias accións de mellora. Unha delas, consistente nunha enquisa aos egresados/-as sobre esta cuestión, parece indicar que o pobre resultado débese máis ben a unha interpretación equivocada dos obxectivos da formación universitaria. Unha das consideracións que fan os/-as egresados/-as é que “no ciclo de formación profesional están moito mellor preparados que un alumno universitario”, demandando, por exemplo, formación práctica sobre programas informáticos concretos de realización de nóminas, ao mesmo tempo que rexeitan que esa formación práctica se dirixa a mellorar a súa comprensión sobre a lóxica subxacente a esa realización. Outro dato que pode abundar nesta cuestión é que nas Xornadas sobre Saídas Profesionais realizadas anualmente no Centro, o interese do alumnado diríxese maioritariamente ás oposicións de nivel máis baixo, cando a súa titulación os habilita para concursar nas de maior nivel. Por tanto, o problema parece radicar na

inadecuación das tarefas que as empresas con convenio asignan aos estudantes en prácticas, de carácter excesivamente instrumental, abonado pola propia mentalidade coa que os estudantes acceden a esta titulación. Esta mentalidade queda aínda máis patente cando se contrastan as cuestións ao respecto dos alumnos/-as do Grao, coas do Dobre Itinerario, moito máis enfocadas á saída investigadora da titulación, aínda que debemos dicir que este balance pode estar experimentando un incipiente reequilibrio.

2.2.8. PS-01 Xestión dos recursos humanos

Directrices Fides-Audit relacionadas: D4 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN24, IN25, IN26, [IN28, IN29 nivel USC], IN31, IN32, IN49, E15, E16, I6-17, I10, INF.10 da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, [INF.11 nivel USC] e INF.21 da enquisa de satisfacción do PAS coas funcións desenvolvidas.

Evidencias: Solicitud de PDI cursada polo centro; solicitud de PAS cursada polo centro; solicitudes de accións formativas para PDI e solicitudes de accións formativas para PAS.

Análise do proceso: no curso 2017/18, o Decanato en coordinación coa responsable da Unidade de Centro e Departamento, perante as novas tarefas asignadas a esta Unidade, comunicou á Xerencia a necesidade de apoio para a realización das mesmas. Esta solicitud foi atendida poñéndose a disposición do Centro un colaborador para cubrir un posto base.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN24-PS-01-Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	Grao e Dobre Itinerario	76,32	71,79	69,44
	Máster PTOPIXFIS	-	-	100,00
	Máster XDL	70,00	70,00	70,00
IN25-PS-01-Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Grao e Dobre Itinerario			
	Máster PTOPIXFIS	-	-	100,00
	Máster XDL	64,29	68,75	68,75
IN26-PS-01-Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	Grao e Dobre Itinerario	43,64	41,94	42,86
	Máster PTOPIXFIS	-	-	78,57
	Máster XDL	57,14	50,00	50,00

En xeneral, os resultados dos indicadores asociados a este proceso mantéñense estables nos mestrados na comparativa intercurros. No caso do Grao esta estabilidade apenas se verifica na porcentaxe do PDI funcionario sobre o PDI total, habendo un lixeiro pero sostido descenso nas porcentaxes de PDI doutor e con sexenios sobre o PDI total. Parece existir un erro no cálculo deste último indicador, xa que a porcentaxe de PDI con sexenios non pode ser superior á do PDI doutor. Este erro xa foi comunicado para os datos do curso 2015/2016, xustificándose entón por un cambio no denominador do segundo indicador, que pasaría a ser o PDI doutor en lugar do PDI total. Para alén de que isto trasladaría o erro á definición do indicador, consultada a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX), tampouco así elimina o de cálculo, xa que o numerador do primeiro indicador e o denominador do segundo non coinciden, como deberían.

Na distribución do PDI por categorías profesionais no Grao predominan, cun total de 13, os/-as titulares de Universidade, seguidos de 12 contratados/-as doutores/-as. Este relación invértese se

consideramos as horas impartidas por cada unha, o 23,53% os/as contratados/-as doutores/-as e o 17,23% os/-as titulares. A continuación se sitúan as categorías de catedráticos/-as e contratados/-as interinos/-as, ámbalas dúas con oito elementos, responsables do 7,04% e 8,75% das horas de clase respectivamente. Tanto no MXDL como no MPTOPXFIS conséntase un predominio moi maioritario de persoal funcionario doutor no PDI, titulares de universidade e catedráticos/-as no primeiro e as mesmas categorías pero en orde inversa na segunda. A variedade de categorías profesionais é, obviamente, máis ampla, sobre todo no caso do Grao, con 11. Por outra banda ditas categorías teñen procedencias moi diversas, 11 Departamentos e 15 áreas, circunstancia que complica extraordinariamente a articulación das funcións do PDI e, sobre todo, a súa implicación na dinámica do Centro.

A participación deste persoal docente en plans de formación ven aumentado nos dous últimos cursos, sendo do 33,3% no 2017/18 e a do PAS do 100%, o que parece traducir algunha sobrecarga do PDI e/ou propostas formativas menos atractivas no seu caso. A elevada participación do PAS nas actividades formativas pode estar relacionada co grao, tamén moi elevado, de satisfacción xeral deste colectivo no Centro, 4,7 sobre 5.

Os indicadores referidos as *ratios* estudantes/ docentes xa foron analizados no PC-02, e o IN49, no PC-05.

2.2.9. PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Directrices Fides-Audit relacionadas: D5 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: IN33, [INF.09 ver PC-05].

Evidencias: Memoria de execución do orzamento; solicitudes de recursos materiais cursadas aos servizos centrais

Análise do proceso: a información pormenorizada relacionada con este proceso (aulas, espazos e recursos informáticos a disposición dos estudantes), figura nos respectivos Autoinformes de Seguimento/Acreditación.

Na Facultade de Relacións Laborais a docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten mediante encerado, ordenador, proxector e pantalla mural. Por outra banda, e relacionado coa actividade investigadora dispón dun Laboratorio de Recursos Humanos, que conta con ordenadores, taboleiro electrónico, mesas de son e equipo de realidade virtual, para simulación de entrevistas de traballo, ensaio de presentacións, administración de test, etc. Tamén cabe destacar que no curso 2017/18 fíxose un gran esforzo económico coa renovación do software da metade das aulas de informática. É de referir que o edificio da Facultade ten problemas estruturais, entre eles, un moi deficiente illamento, polo que unha parte do orzamento utilizouse na adquisición e colocación de estores e aparatos electrónicos para tratar de paliar minimamente o desconforto nos despachos e nas aulas, polas altas temperaturas que se alcanzan xa a partir de marzo. Outra parte do gasto destinouse á compra de cadeiras ergonómicas para os despachos do profesorado e de outro material para desenvolver a AM relativa á simulación de xuízos nas aulas. A execución do

orçamento é presentada e explicada anualmente en Xunta de Facultade coa intervención do xestor económico do Centro.

En canto á atención aos estudantes, habilitouse unha sala da Facultade para lugar de estudo, así como ordenadores portátiles para o seu uso en préstamo.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN33-PS-02-Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	Grao	3,12	3,86	3,15
	Máster PTOPIXIS	-	-	Non aplicable ⁴ [4,27]
	Máster XDL	3,75	3,33	4,13

A fiabilidade dos resultados da enquisa de satisfacción dos/-as egresados/-as cos recursos e servizos, é cuestionable debido á baixa participación (12 cuestionarios no caso do Grao, e tres no MXDL). En canto á validez, non se compadece co feito de que o servizo de cafetería/comedor é valorado, a pesar de que non puido ser empregado por non existir tal infraestrutura no Centro. Se descartamos esta valoración, a puntuación obtida sería aceptable no Grao, 3,52, e bastante satisfactoria no MXDL, 4,0, e ámbalas dúas superiores á media da USC, 3,38.

2.2.10. PS-03 Xestión documental

Directrices Fides-Audit relacionadas: D6

Indicadores e/ou informes asociados: non hai

Evidencias: Documentación do SGC vixente; documentación do SGC obsoleta.

Análise do proceso:

A documentación vixente relacionada co seguimento e revisión do SGC: Manual de Calidade, Informes sobre o Deseño do SGC, Compromiso de Calidade, Memorias verificadas do Títulos, Autoinformes de Seguimento e Informes de creditación, así como as Memorias de Calidade, atópase publicada na URL da Facultade. A documentación obsoleta encóntrase na AASX.

2.2.11. PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades

Directrices Fides-Audit relacionadas: todas

Indicadores e/ou informes asociados: IN48 e IN49

Evidencias: Proposta de estudo de satisfacción; informe do estudo de satisfacción.

Análise do proceso: como xa se mencionou, foi proposta a realización dunha enquisa de satisfacción dirixida aos/-ás egresados/-as para analizar a súa percepción sobre os distintos aspectos da titulación, as súas potencialidades dende o punto de vista da inserción laboral e a coherencia da súa

⁴ A valoración non ten que ver cos servizos prestados pola Facultade de Relacións Laborais, senón coa de Psicoloxía, onde se cursaba este mestrado no ano de referencia para os egresados/-as.

estrutura. Unha vez que os resultados sexan procesados, procederase a súa análise e discusión na CCC para a súa aplicación na revisión do título.

Respecto ao indicador IN48 sobre a taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, xa foi analizado no PC-03, e o IN49 sobre a satisfacción do PAS co traballo desenvolvido, no PC-05.

2.2.12. PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Directrices Fides-Audit relacionadas: D2, D3, D4, D5 e D6

Indicadores e/ou informes asociados: non hai

Evidencias: Informe de incidencias do curso académico.

Análise do proceso: segundo a Memoria OAR, presentáronse dous recursos no ámbito de actuación do Centro que afectaban ao Grao, un deles para recoñecemento de estudos, e o outro para recoñecemento da experiencia profesional, sendo estimado unicamente o primeiro. Por outra banda foi presentada unha queixa, relacionada coa docencia no Grao, que foi desestimada. Asemade, rexistrouse unha reclamación, xa comentada, relativa aos criterios de avaliación dunha materia do MPTOPXFIS, tamén desestimada. Desde o punto de vista organizacional, é preciso mellorar os fluxos de información entre os órganos implicados no proceso de xestión de incidencias.

2.2.13. PS-06 Información pública

Directrices Fides-Audit relacionadas: todas

Indicadores e/ou informes asociados: IN23, [INF.09 ver PC-05]

Evidencias: Páxina web do centro.

Análise do proceso: a páxina web da Facultade de Relacións Laborais ofrece información exhaustiva e actualizada, que non so presenta os contidos propios das titulacións impartidas (obxectivos, plan de estudos, estrutura, horarios, etc.), senón tamén outros sobre cursos, bolsas, etc. Preténdese que este sitio web sexa unha canle fluída e amigable para todos os grupos de interese.

No informe da enquisa de satisfacción dos/-as egresados/-as do Grao, a información na propia Facultade (web propia, presentacións...) é valorada cun 3,17 sobre 5, valor que supera ao atribuído á información facilitada desde tódolos niveis pola USC, que é de 3,08. Dada a exigua participación (12,37%), e tendo en conta a intensa actividade informativa que obxectivamente se desenvolve na Facultade, parece apropiado, en aras da fiabilidade, introducir unha eventual AM dirixida a promover a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Esta iniciativa xa foi asumida pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica, a través das Áreas de Calidade e Mellora de Procedementos e Tecnoloxías da Información e da Comunicación, e incluída no Plan de Melloras bianual. O mesmo ocorre no caso do MXDL, cunha valoración de 4,0 para a información propia da Facultade, por encima da que facilita a USC por outros canais que é de 3,93, e tamén cunha exigua

participación (tres estudantes). Replicando este último aspecto (catro estudantes), a valoración da información ofrecida polo Centro para o MPTOPXFIS (3,25), é inferior á da xeral sobre esa titulación (3,45), o que pode explicarse por ser o primeiro curso en que a mesma se imparte na Facultade. Novamente definiuse unha AM dirixida a revisar a información pública dispoñible na páxina web institucional e na web propia relacionada co MPTOPXFIS para depurar “a información errónea e asegurar a súa fiabilidade”.

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2015/16	2016/17	2017/18
IN23-PS-06- Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Grao	3,03	3,83	3,08
	Dobre Itinerario	-	-	-
	Máster PTOPXFIS	-	-	3,45
	Máster XDL	3,07	3,10	3,93

Do exposto conclúese a dificultade para a elaboración do Autoinforme de Seguimento do Grao, cuxa validade vese afectada por non estar incluídos nos informes e indicadores os datos referidos ao estudantado do Dobre itinerario. É necesario tamén definir as liñas e os obxectivos estratéxicos do Centro coa aplicación do correspondente Plano, diferida á espera da publicación do novo Plano Estratéxico Marco da USC.

3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO

3.1. *Revisión do Plan de melloras do curso académico obxecto da análise*

PLAN DE MELLORAS DO CENTRO REMATADAS NO PERIODO ACADÉMICO 2017/2018 (Táboa resumo)						
ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN	REMATADA
GrRL-AM-2	Plan de Melloras da Acreditación	Elaboración de prácticas de Xustiza Laboral (simulación de xuízos). Trátase de facer simulacións de xuízos de Xustiza Laboral e Social. Para iso habilitarase un aula e contarase coa colaboración de xuíces e profesionais	Executada	Coordinador das Prácticas en empresa	31/05/2018	Si
GrRL-AM-3	Plan de Melloras da Acreditación	Realización dun Assesment Center de Desenvolvemento.	Executada	Decana	31/05/2018	Si
MXDL-AM-4	Plan de Melloras da Acreditación	Clarificar a información que se lles proporciona aos estudantes con respecto ao obxectivo, condicións e organización das prácticas de modo que as súas expectativas sobre as mesmas se adecúen á realidade. Realización de enquisas específicas a estudantes e empresas sobre a opinión e satisfacción coas prácticas co obxecto de introducir melloras e corrixir o desaxuste detectado.	Executada	Comisión Interuniversitaria do Máster	31/07/2018	Si
MPTO-AM-1	Plan de Melloras da Acreditación	A acción de mellora abordará catro aspectos: 1. Oferta das materias establecidas no plan de estudos vixente relacionadas co itinerario de Intervención Social: 2. Elaboración dunha proposta de modificación da oferta vinculada ao itinerario de Intervención Social. 3. Corrixir os desaxustes na MVT sinalados pola comisión avaliadora	Executada	Coordinador do Máster e Comisión nomeada pola Comisión académica	31/07/2018	Si

3.2. Plan de melloras do Centro para o curso seguinte

PM DE ANOS ANTERIORES EN PROCESO DE EXECUCIÓN NO CURSO 2018/19 (Táboa resumo)						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN REVISADA	REMATADA
GrRL-AM-1	Informe de Seguimento	Predefinición e monitorización continua, con periodicidade prefixada, das tarefas encomendadas/realizadas polo alumnado. Creación dun modelo de cuestionario final a cubrir polos tres actores implicados.	En proceso de execución	Decana, vicedecano e coordinador das prácticas en empresa	31/12/2019	Non
GrRL-AM-9	Informe de Seguimento	Creación da figura do estudante con experiencia en programas de mobilidade	En proceso de execución	Decana	31/12/2019	Non
PM-C-AM-1	Plan de Melloras do Centro	Aprobación do Plan Estratéxico da Facultade	Pendente de execución	Decana	31/12/2019	Non
GrRL AM-4	Informe de Seguimento	Identificación das discrepancias entre a formación práctica impartida e as necesidades do mercado laboral percibidas polos egresados/-as.	En proceso de execución	Decana	31/07/2019	Non
MXDL-AM-7	Informe de Seguimento	Realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM	Pendente de execución	Coordinadora do Máster da USC	31/12/2019	Non
MPTO-2	Informe de Seguimento	Revisar a información pública dispoñible na páxina web do título institucional e na web propia para depurar a información errónea e asegurar a súa fiabilidade. Cumprir criterios establecidos de información pública.	En proceso de execución	Coordinador do Máster	31/07/2018	Non

PM RECENTE PARA O CURSO 2018/2019 (Táboa resumo)						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN	REMATADA
GrRL-AM-1	Informe de Seguimento	Identificación dos principais factores determinantes do abandono da titulación	Em proceso de execución	Responsable de Calidade	31/07/2019	Non
GrRL-AM-2	Informe de Seguimento	Facilitar aos estudantes do Dobre itinerario a simultaneidade de estudos.	Pendente inicio	Equipo Decanal	31/12/2019	Non
MPTO-1	Informe de Seguimento	A acción de mellora abordará a transparencia e axilidade operativa das materias Prácticas Externas e TFM para axustarse ao procedemento existente na Facultade de Relacións Laborais para o resto de titulacións deste centro.	Pendente inicio	Coordinador do Máster	31/07/2019	Non

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Ver apartado correspondente en cada uno dos Autoinformes de Seguimento/Acreditación dos títulos que se imparten no centro.

ANEXO I. Autoinformes de Seguimento/Acreditación dos títulos impartidos no Centro

Dispoñibles en: <http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/calidade.html>